



## **ACTA DE CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL, APROBACIÓN DO CALENDARIO ELECTORAL E DOS CENSOS ELECTORAIS**

### **Asistentes:**

D. Alejandro Bobillo Vázquez-Monjardín (presidente)

D<sup>a</sup> Milagres Romero Susavila (vocal)

D<sup>a</sup> Carmen Loroño Pérez (vocal)

D<sup>a</sup> Cinthya Castro Chico (secretaria)

Na Pobra do Caramiñal, a 3 de novembro ás 11:15, reúnen-se os membros que se relacionan arriba, baixo a presidencia do director, para constituír a Xunta electoral do instituto, aprobar o calendario electoral, os censos electorais e deliberar sobre os demais puntos a orde do día que se indican a continuación:

1º O director informa sobre a lexislación vixente de aplicación no proceso electoral de renovación do consello escolar.

2º Dáse lectura aos resultados do sorteo público para a elección dos representantes de todos os colectivos da Xunta electoral, saíndo os seguintes nomes:

- Como representante do profesorado: Yolanda Montenegro Gil.
- Como representante do alumnado: Sharleene Parada Adele.
- Como representante dos pais e nais: María Violeta Vázquez Silva.
- Como representante do persoal non docente: Marta Rey Rubio.

3º O director pregunta a todos os presentes se teñen algún obstáculo grave que lles impida formar parte de Xunta.

Constitúese formalmente a Xunta.

4º A xunta electoral debate e a proba o seguinte calendario:

### **Do 8 ao 19 de Novembro**

- ✓ Elaboración e aprobación do censo electoral.
- ✓ Publicación do censo electoral provisional e fixación do período de reclamacións.
- ✓ Publicación do censo electoral definitivo. Fixación do calendario electoral.
- ✓ Apertura presentación candidaturas.
- ✓ Fin do prazo de presentación das candidaturas. Publicación das listas provisionais dos candidatos.
- ✓ Apertura do prazo de presentación de reclamacións á lista provisional dos candidatos.
- ✓ Fin do prazo de reclamacións á lista provisional de candidatos.
- ✓ Publicación da lista definitiva de candidatos.



### Do 22 ao 26 de Novembro

- ✓ Constitución da Mesa Electoral e celebración das eleccións.

### Ata o 30 de Novembro

- ✓ Proclamación de candidatos electos e suplentes.

### Antes do 17 de Decembro

- ✓ Comunicación á Dirección a Xefatura Territorial da constitución do Consello Escolar.

5º O director propón os censos electorais de pais e nais, profesores/as, alumnos/as e persoal non docente á Xunta, unha vez Examinados, a Xunta aproba ditos censos e ordena a súa publicación no taboleiro do IES, establecendo o prazo de reclamacións establecido no anteriormente dito calendario.

6º O director explica o conxunto de medidas para celebrar o proceso seguindo os protocolos COVID.

7º Rogos e preguntas. Carmen Loroño suxire a posibilidade de substitutos/as na mesa de idade, pero contemplando a lexislación non existe esta opción.

E sen mais asuntos que tratar, o presidente da Xunta electoral levanta a sesión ás 11.45 do día 3 de Novembro de 2021.

De todo isto, como secretaria dou fe na presente acta co visto e praxe do presidente.

A SECRETARIA DA XUNTA ELECTORAL

Asdo: Cinthya Castro Chico

Visto e praxe

O PRESIDENTE

Asdo: Alejandro Bobillo